

BOLETÍN DE INSCRICIÓN



NOME DO GRUPO		
ESTILO MUSICAL		
RESPONSABLE		
NIF		
SOCIOS DA SGAE	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON
TELÉFONO		
CORREO ELECTRÓNICO		
DOMICILIO		
LOCALIDADE		
OUTRA PERSOA DE CONTACTO		
TELÉFONO		
Nº DE COMPOÑENTES DO GRUPO		
NOME E APELIDOS	NIF	INSTRUMENTO

Título das cancións a interpretar:	Rexistridas na SGAE	Non rexistradas na SGAE
1.		
2.		

DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ACEGAR EN FORMATO PAPEL:

- Boletín de inscripción debidamente cumplimentado.
- Fotocopia do dni ou tarxeta de residente polas dúas caras de cada un dos componentes.
- Certificado de empadroamento ou acreditación do centro educativo ou empresa do municipio onde estude ou traballe, se procede.
- Autorización da nai/pai, titora/or legal, se procede.
- Declaración responsable de que as cancións presentadas non foron premiadas en ningún certame.
- Declaración responsable de non manter relación contractual permanente ou ocasional con empresas discográficas.

DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ACEGAR EN FORMATO DIXITAL:

- Fotografía recente do grupo ou cantautor.
- Traxectoria musical do grupo/cantautor ou dos seus componentes.
- Maqueta do grupo/cantauto.
- Título e letra das cancións presentadas a concurso.

SINATURA

Santiago de Compostela, a _____ de 2013

O/a asinante coñece e acepta as bases do Certame e declara que os datos expresados na solicitude son certos.

ACEPTACIÓN

8º- A participación neste Certame conlleva a aceptación total destas Bases e, ata a constitución do xurado, calquer dúbida sobre a interpretación das mesmas será resolta polo Departamento de Xuventude do Concello de Santiago. O participante que presente as súas obras manterá indemne á organización fronte a calquera reclamación de terceiros derivada do exercicio dos dereitos da propiedade intelectual sobre as obras obxecto da presente cesión.

9º- A organización poñerá o máximo interese no coidado das obras recibidas, pero declina toda responsabilidade sobre danos ocasionados accidentalmente.

XURADO

10º- O xurado do Certame **MUSICAXOVE'13** estará composto por especialistas do ámbito da música, e será presidido pola Concelleira de Xuventude ou persoa en quen delegue, actuando como secretario o Xefe do Departamento de Xuventude. O xurado valorará a utilización da lingua galega polos participantes, en textos, imaxe corporativa, e en calquera outro elemento promocional de cada grupo ou solista.

11º- O fallo do Xurado será público e inapelable. A súa composición darase a coñecer no momento de emitir o fallo. A participación no Certame **MUSICAXOVE'13** supón a plena aceptación das Bases, así como da decisión do xurado diante de calquera imprevisto non recollido nas mesmas ou controversia derivada da interpretación destas.

DESENVOLVEMENTO

12º- O Xurado, previa audición das maquetas presentadas ao Certame, seleccionará como mínimo catro participantes que accederán á fase de actuación en directo nun Concerto final onde actuarán cun tempo máximo de 12 minutos, interpretando como mínimo os dous temas presentados na maqueta poidendo completar o seu repertorio ata acadar os 12 minutos de actuación.

O concerto final terá lugar o 30 de novembro, na Sala Capitol de Santiago de Compostela.

A organización porá a disposición dos finalistas o seguinte backline: unha batería completa, dous amplificadores de guitarra, un amplificador de baixo e os equipos de voz para 2 vocalistas. As necesidades de backline a maiores correrán por conta do propio grupo participante.

13º- Finalizadas as actuacións dos grupos no concerto final, comunicarase públicamente a decisión do xurado sobre os premios establecidos nesta convocatoria.

PREMIOS

14º- O Concello de Santiago, por proposta do xurado, concederá os seguintes premios, que poderán declararse desertos e que non poderán ser compartidos:

- 1-Primer premio, ao mellor grupo, de 1.800 euros.
- 2-Segundo premio, de 800 euros.
- 3-Premio Especial do Xurado, de 400 euros.

15º- Todos os premios deste Certame quedarán sometidos á correspondente retención en concepto do Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas, consonte á normativa vixente.

PROMOCIÓN

16º- Coa finalidade de promocionar aos gañadores do Certame, o Departamento de Xuventude poderá requerir dúas actuacións do primeiro premio e unha do segundo, que non suporán gasto adicional para os grupos.

17º- Todos os participantes no Certame autorizan á organización a reproducir o seu nome, temas, imaxe en calquera outra actividade publicitaria ou promocional relacionada co mesmo.


18º- Editarase un disco compacto coa participación dos catro finalistas do Certame. Os dous primeiros clasificados gravarán catro cancións cada un, e os dous seguintes, dúas cancións. Con este fin, os artistas cederán os dereitos de reproducción de ditas obras.

19º- De conformidade co previsto no art. 5 da Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais recollidos nas solicitudes de participación ao Certame **MUSICAXOVE'13** serán incorporados e tratados no sistema informático do Departamento de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela, e poderán ser utilizados só a efectos de difusión das actividades organizadas por este Concello, podendo exercer diante do mesmo os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de conformidade co establecido na lexislación vixente, dirixíndose por escrito ao Departamento de Xuventude (Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche, R/ Frei Rosendo Salvado, 14-16 Baixo, - 15701 Santiago de Compostela).

**CONCELLO DE
SANTIAGO**
Concellería de Xuventude

**CONCELLO DE
SANTIAGO**
Concellería de Xuventude

dptoxyuventude@santiaoagodecompostela.org



VI CERTAME MUSICAXOVE'13/BASES DA CONVOCATORIA



O Departamento de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela convoca o VI Certame MUSICAXOVE'13 co obxectivo de promocionar, impulsar e canalizar a creatividade musical da xuventude, como unha iniciativa máis nun conxunto de propostas que tratan de poñer en marcha estratexias nesta perspectiva.

Unha vez posto a disposición dos grupos musicais e solistas da cidade un local con dúas salas independentes para ensaios onde contan con material básico para a práctica musical, estamos a desenvolver un labor de promoción e difusión das súas actividades e a realización de concertos, ben organizados por este servizo municipal ou a través de colaboracións con outras institucións, colectivos, salas de concertos, empresas, entre outros axentes; sempre como accións que incidan no obxectivo proposto.

Nesta liña de apoio á creatividade musical creouse no ano 2008 este Certame que, ademais de ter como destinatarios aos artistas emerxentes que manteñen a súa actividade en Santiago, abre ao intercambio e á ampliación do circuito, dando cabida a todas aquelas bandas e solistas que desenvolvan a súa actividade en Galicia.

NORMAS XERAIS DE PARTICIPACIÓN

1º- Poderán participar no concurso todos aqueles grupos ou solistas, cunha media de idade non superior a 35 anos, que desenvolvan a súa actividade en Galicia.

2º- INSCRICIÓN:

Datas: Do 4 de outubro ao 8 de novembro de 2013.

Lugar: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa Frei Rosendo Salvado, nº 14-16), en persoal ou por correo certificado, baixo o epígrafe 6º Certame MUSICAXOVE'13. Igualmente, poderán presentarse en calquera dos rexistros ou oficinas previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, modificada pola lei 4/1999, de 13 de xaneiro. Neste último caso, é necesario que o grupo participante envíe un e-mail ao Departamento de Xuventude (dptoxuventude@santiagodecompostela.org) o mesmo día que faga o envío ou meta a solicitude nun rexistro diferente ao do Concello de Santiago, indicando que enviaron o impreso correspondente para participar no certame.

Horario: en días laborables de 9 a 14 horas.

Calquera información complementaria relacionada co CERTAME MÚSICAXOVE'13 pódese consultar no Facebook da Concellería de Xuventude do Concello de Santiago, ou nas propias dependencias do mesmo no:

Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche (Rúa Frei Rosendo Salvado nº14-16),
Tlfno. 981 543 001 Fax: 981 543 002.

Correo electrónico: dptoxuventude@santiagodecompostela.org

3º- Os participantes non poderán ter ningún disco editado, maqueta ou produto similar con selos discográficos ou productoras agás os autoeditados, nin relación contractual de calquera tipo con empresas discográficas.

4º- O xurado resérvase o dereito de desestimar a participación dunha banda ou solista sempre e cando considere que as normas de participación ou o obxectivo principal de promoción de bandas noveles se veva vulnerado.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

5º- Cada grupo ou solista deberá realizar a solicitude no impreso normalizado. Xunto coa devandita solicitude achegarase en formato papel os seguintes documentos, debidamente asinados:

a) Boletín de inscrición debidamente cumplimentado.

b) Fotocopia do DNI ou tarxeta de residente polas dúas caras de cada un dos compoñentes.

c) En caso de presentar tarxeta de residente ou de non constar no DNI nacemento ou domicilio nun municipio galego deberase manifestar por escrito estar empadroad o nun municipio galego para a súa posterior comprobación, ou ben, acreditación do centro educativo ou empresa do municipio galego onde estude ou traballe.

d) No caso de que o participante sexa menor de idade, autorización da nai/pai ou titora/or legal para participar nesta convocatoria, así como para calquera cuestión con ela relacionada. Anexo 1

e) Declaración responsable, conforme ao Anexo 2, na que quede constancia de que:

- Os temas presentados non foron premiados en ningún outro Certame no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes.

- O grupo non mantén relación contractual permanente ou ocasional con ningunha empresa discográfica, produtora ou selo.

En formato dixital (entregar nun cd, en calquera dispositivo de almacenamento de datos ou enviar nun único correo electrónico ben identificado co nome do grupo e o do certame, 6º Certame Musicaxove'13, no propio asunto do correo):

f) Fotografía recente do grupo ou cantautor.

g) Traxectoria musical do grupo/cantautor, ou dos seus compoñentes.

h) Maqueta que inclúa dous temas orixinais en letra e música, gravados polo grupo, e en formato MP3 que serán interpretados no concerto final do Certame. Non se admitirán aquellas que sexan adaptación doutros orixinais, nin as que fosen premiadas noutros certames.

i) Letra das dúas cancións presentadas a concurso.

No caso de resultar finalista no Certame, cada grupo deberá presentar unha semana antes da actuación das finais os seguintes datos de cada un dos compoñentes do grupo:

- 1- Número de Conta.
- 2- Entidade bancaria.
- 3- Endereço Fiscal.

ESTILOS MUSICAIS

6º- Os grupos participantes presentaranse a unha única categoría (independente do estilo musical ao que pertenzan) para ser valorados como o mellor grupo.

ADMISIÓN AO CERTAME

7º- Unha vez revisada a documentación achegada coa solicitude de inscrición, o Departamento de Xuventude do Concello de Santiago publicará, con efecto de notificación, nun prazo non superior a cinco días a contar desde a finalización do período de inscrición estipulado nos taboleiros de anuncios do Departamento de Xuventude situado no Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche:

-Relación de participantes admitidos ao Certame.

-No seu caso, relación de participantes excluídos por incumprimento dalgún dos requisitos, con indicación dos mesmos.

Deseguido concederase un prazo de cinco días naturais, a contar desde o seguinte á publicación da lista, para a subsanación das posibles incidencias. Transcorrido dito prazo procederase á publicación da lista definitiva de participantes admitidos.

ANEXO 1 AUTORIZACIÓN MENOR DE IDADE

(encher non caso de que o participante sexa menor de idade)

Eu,..... con DNI.....,
pai/nai/titor/a de

.....con DNI.....,
menor de idade, autorizo ao meu fillo/a a participar no 6º Certame MUSICAXOVE'13, Certame organizado pola Concellería de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela.

(Lugar)_____, a ____ de _____ de 2013

.....
Sinatura pai/nai/titor/a

ANEXO 2 DECLARACIÓN RESPONSABLE

Eu,..... con DNI....., en representación do grupo....., declaro:

1- Que os temas presentados ao 6º Certame MUSICAXOVE 13, non foron premiados en ningún outro Certame no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes.

2- Que o grupo ao que represento, non mantén relación contractual permanente ou ocasional con ningunha empresa discográfica, produtora ou selo.

E para que conste aos efectos oportunos, asino en.....,o día....., do mes.....de 2013.

.....
Sinatura do/a representante – membro do grupo
(O/A asinante declara que todos os datos recollidos son certos)

NOTA: Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.